

QUE É O DOCUMENTO DE INSTRUCCIÓNS PREVIAS?



Que é o documento de instruccións previas?

É un documento no que unha persoa maior de idade, capaz e libre, manifesta **anticipadamente** a súa vontade, co fin de que esta sexa cumprida no momento no que chegue á situación na cal **non sexa quen de expresala persoalmente, sobre os coidados e o tratamento da súa saúde** ou, unha vez chegado o falecemento, **sobre o destino do seu corpo e dos seus órganos**.

Cal debe ser o contido deste documento?

Deberá conter:

- a) **Instruccións e opcións acerca dos coidados e o tratamento da saúde** da persoa outorgante, chegada unha situación en que polas circunstancias non sexa quen de expresala persoalmente.
- b) Instruccións sobre o **destino do corpo e dos seus órganos**, unha vez chegado o falecemento.

No documento tamén se poderá nomear unha persoa representante para que, chegado o caso, sirva como interlocutor co equipo sanitario para procurar o cumprimento das instruccións previas.

Como se outorga o documento de instruccións previas?

Debe formalizalo mediante algún dos seguintes procedementos:

- a) **Ante tres testemuñas** maiores de idade e con plena capacidade de obrar, das cales dúas, como mínimo, non poderán ter relación de parentesco ata o segundo grao por consanguinidade ou afinidade nin estar vinculadas por relación patrimonial coa persoa outorgante.
- b) **Ante notario** (sen necesidade de testemuñas).
- c) Ante o **persoal do Rexistro Galego de Instruccións Previas** ou ante o **persoal das unidades habilitadas da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés**.

Que necesita para a formalización do documento na unidade habilitada?

Dependendo do cento no que desexe ser atendido:

- **Complejo Hospitalario de Pontevedra:** deberá cubrir o modelo creado para tal efecto dispoñible na [Web do Servizo Galego de Saúde](#) ou pode facelo na propia unidade habilitada acudindo persoalmente provisto do DNI en vigor, en Atención ao Paciente no Hospital Provincial, na planta baixa do edificio central, acceso pola parte de atrás do hospital e con previa cita nos teléfonos: 989 80 83 15 y 986 80 05

62.

- Hospital Público do Salnés: deberá solicitar cita no teléfono 986 56 81 93.
- Centro de Saúde do Grove: presencialmente, a través da [Web do Servizo Galego de Saúde](#) ou telefónicamente no 986 73 23 45.

Existe a posibilidade de revogar o documento?

En calquera momento o documento de instrucións previas poderá ser obxecto de substitución ou de revogación por parte da persoa outorgante.